

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS PARA A CONVOCATORIA DE COMISIÓN DE SERVICIOS VOLUNTARIA PARA O POSTO DE ENCARGADO/A DE SERVICIOS
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
EXPTE: 2021/E001/000019

A concelleira delegada de Persoal emitiu en data 08/11/2021 unha Proposta de convocatoria para a cobertura mediante comisión de servizos entre persoal municipal do posto de Encargado/a de Servizos, que urxe cubrir ante a incapacidade laboral temporal do funcionario de carreira titular do posto, que segundo acredita o parte de baixa de data 05/11/2021 presentado o 08/11/2021 co número de rexistro de entrada 202100000005084, se prevé de longa duración.

Por Decreto de Alcaldía núm. 1315/2021 de data 09.11.2021 acordouse acudir ao procedemento excepcional da comisión de servizos segundo o disposto no art. 96 da Lei 2/20215, do 29 de abril de emprego público de Galicia (LEPG), para a cobertura do posto de Encargado de Servizos da vixente RPT, do Concello de Fene.

A tal efecto foi anunciada a convocatoria da comisión de servizos no taboleiro de edictos e na web municipal de data 10.11.2021, quedando establecido nas mesmas que *“No caso de que haxa que facer algún tipo de requirimento ou realizar algún anuncio relativo a este proceso de provisión, realizarase a través da súa publicación na páxina web do Concello de Fene. No caso de que a instancia/documentación presentada teña que ser obxecto de emenda, outorgárese un prazo de 1 día hábil.”*

En data 12.11.2021 co rexistro núm.5160 o funcionario Xosé Antonio Muñiz Tenreiro presentou instancia para participar no proceso de selección, constando incorporada de oficio ao expediente a experiencia no Concello de Fene pero non o informe favorable da Concellería responsable da Unidade de pertenza do funcionario.

En data 17.11.2021, mediante resolución de Alcaldía núm. 1374/2021, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas, donde figura que Xosé Antonio Muñiz Tenreiro terá que emendar a súa solicitude de participación no dito proceso aportando informe favorable da Concellería responsable da Unidade de pertenza do funcionario.

En data 18.11.2021, mediante RXE. 5260, do Concello de Fene, Xosé Antón Muñiz Tenreiro, aporta informe favorable da Concellería responsable da Unidade de pertenza do funcionario, para emendar a súa solicitude, e poder participar na convocatoria para a cobertura temporal do posto de Encargado/a de Servizos mediante comisión de servizos voluntaria.

Tendo en conta todo o anterior, de conformidade coas atribucións conferidas polo art. 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a normativa citada, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar a emenda presentada por Xosé Antón Muñiz Tenreiro, aportada no RXE. 5260, declarando emendada a súa solicitude.

SEGUNDO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas, na convocatoria para a cobertura temporal do posto de Encargado/a de Servizos mediante comisión de servizos voluntaria.

APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	Observacións
Muñiz Tenreiro, Xosé Antonio	***2962**	Emendada a súa solicitude

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello, con indicación de que fronte á mesma poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contenciosa-administrativa, contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

0-0
36
150
-P
:F
:C

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.